

Praza número: 25/20012

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Permanente Laboral

Dedicación: Tempo completo

Área de coñecemento: Didáctica das Ciencias Sociais

Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

Vista a proposta formulada pola comisión encargada de xulgar o concurso para a provisión da praza indicada do 16/01/2026, e visto así mesmo o acordo adoptado pola Comisión de Reclamacións na súa sesión do 18/02/2026, polo que se ratifica a devandita proposta da comisión de selección.

Esta Reitoría, no uso das facultades que lle confire o art. 126 dos Estatutos da Universidade da Coruña, que se aprobaron por Decreto 94/2025, do 6 de outubro (DOG do 27 de outubro), e en aplicación do disposto no apartado 11 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, que se aproba por acordo do Consello de Goberno do 7 de novembro de 2024, resolve asignar a referida praza ao concursante **D./D^a. YAMILÉ PÉREZ GUILARTE**.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer demanda ante o Xulgado do Social que resulte competente conforme ao establecido nos artigos 6, 10 e 69 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, na data da sinatura electrónica

A vicerreitora de Profesorado por delegación do reitor

(RR 10/07/2024)

María Teresa López Fernández



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral,

FAGO CONSTAR:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral reunida o 18 de febreiro de 2026, tomou o seguinte acordo en relación coa reclamación presentada na praza que se relaciona a continuación,

Praza: 25/20012

Categoría: Profesor/a Permanente Laboral

Área de coñecemento: Didáctica das Ciencias Sociais

Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

Tras analizar a documentación da praza 25/20012, a reclamación presentada por D. José Antonio Díaz Fernández e o informe da Comisión de selección, a Comisión de Reclamacións acorda:

- ratificar a proposta da Comisión de selección
- facer público este acordo

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado
Teresa López Fernández